



.....

**Xornada**

**PERSPECTIVAS  
ATLÁNTICAS NA  
TRANSCULTURACIÓN  
MUSICAL DO SÉCULO XX**

**Commemoración do centenario do  
nacemento do compositor galego-  
arxentino Carlos López García-  
Picos (1922-2009)**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
Martes, 22 de febreiro de 2022



A realidade migratoria de Galicia durante o século XX trae consigo unha riqueza na transculturación da que o ámbito musical non é alleo. Nesta xornada, realizada co gallo do centenario do nacemento do compositor galego-arxentino Carlos López García-Picos, abordarase dende distintos enfoques o tema de música e emigración, co océano Atlántico como nexu comunicativo.

O compositor betanceiro integrouse plenamente na vangarda musical arxentina e aparece paralelamente como referente do galeguismo bonaerense. Igual ca moitos outros creadores musicais migrantes, transitou na ubicua disxuntiva de tradicionalismo ou vangarda. Polo tanto, temas colaterais como o asociacionismo migratorio, os coros, o asociacionismo musical, a nostalxia da terra abandonada ou os retornos a Galicia percorrerán os contidos desta xornada.

A primeira parte correspóndese cunha contextualización xeral dos músicos galegos na emigración americana a cargo do catedrático de Música da USC Carlos Villanueva. E continúa cunha conversa a tres entre María Fouz Moreno, María del Carmen Lorenzo Vizcaíno e Javier Ares Espiño, na que a confrontación das figuras de Isidro Maiztegui e Carlos López García-Picos porá o foco no galeguismo musical bonaerense.

Co obxectivo de visibilizar o patrimonio cultural galego no eido musical artículase a segunda parte desta xornada, que está destinada á presentación da publicación editada polo Consello da Cultura Galega *Obra para violín e violonchelo de Carlos López García-Picos*. Este conxunto de repertorio para corda forma un corpus singular no ámbito da creación musical de compositores galegos de mediados do século XX e contou coa coidadosa transcripción de Joám Trillo. O peche musical realizarase coa interpretación de dúas obras contidas na citada publicación e que conectan a figura do creador betanceiro con algún dos seus coetáneos na quinta provincia galega, como o son os dous persoeiros aos que dedica as composicións: Eduardo Blanco Amor e con Isaac Díaz Pardo.

## Programa

---

16:15 horas  
Presentación

16:30 h.  
*Música galega na emigración  
americana*

**Carlos Villanueva Abelairas**,  
catedrático de Música da USC

17:30 h.  
*Carlos López García-Picos e Isidro  
Maiztegui: música e galeguismo na  
marxe do Prata*

- **María Fouz Moreno**, doutora pola  
Universidade de Oviedo  
- **Javier Ares Espiño**, catedrático de  
Piano do CSM da Coruña  
- **María del Carmen Lorenzo Vizcaíno**,  
responsable do Arquivo da RFG e  
profesora da UNIR

18:30 h.  
Descanso

19:00 h.  
Presentación da publicación *Obra  
para violín e violonchelo de Carlos  
López García-Picos*

19:30 h.  
Actuación musical  
Concerto de violonchelo e piano con  
obras de Carlos López García-Picos.

Intérpretes:  
**Teresa Morales Diego** (violonchelo)  
**Javier Ares Espiño** (piano)

Programa:  
- Canto elexíaco, A. 73 “Homenaxe  
póstumo a Eduardo Blanco Amor”  
- Bocetos sonoros, A. 105 “ao amigo e  
gran artista Isaac Díaz Pardo” (estrea  
absoluta)

## **Organiza**

Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais  
Consello da Cultura Galega

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado.  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

---

**Organiza:**

